

VIII OLIMPÍADAS

POPULARES

GALEGAS

POIO 2022

A. PRESENTACIÓN

- As Olimpíadas Populares Galegas son un espazo de convivencia, amizade e competición deportiva, para colectivos, asociacións, centros sociais e persoas en xeral que desexan participar da nosa tradición de xogo e deporte, dende un compromiso co feminismo, o ecoloxismo e de defensa e promoción de Galiza. Téñense celebrado sete edicións anuais, cun modelo rotativo na organización e localización xeográfica, tendo lugar as últimas no concello de Guitiriz en 2018, e no concello de Moaña no 2019. No 2020 e 2021 non se puideron celebrar por causa da COVID-19.
- A competición abranguerá modalidades atléticas (probas de velocidade, resistencia ou salto de lonxitude), modalidades propias (a billarda, a chave ou a loita galega), e diversos xogos populares (brilé, tiro de corda, lanzamento de boina,...). En documento acompañando este achegamos todos os detalles de cada proba.
- As probas e horarios poderán ser adaptados dependendo de factores como as condicións climáticas ou a evolución da situación socio-sanitaria. En todo caso manteranse estritamente as medidas hixiénico-sanitarias que o momento requira.

B. LOCALIZACIÓN

- Datas: 10, 11 e 12 de xuño.
- Lugar: Parque deportivo e recreativo da Seca – Concello de Poio.

<https://goo.gl/maps/gPd9gtqkDFrKzz638>

C. PROBAS

As probas que formarán parte das Olimpíadas serán as seguintes:

- Salto de lonxitude.
- Pentasalto.
- 100 metros lisos.
- 4 x 100 relevos.
- 5000 metros.
- Voleibol.
- Brilé.
- Tiro de corda.
- Tiro con fisga.
- Loita galega.
- Lanzamento de apeiro.
- Lanzamento de boina.
- Chave.
- Billarda.
- Pano
- Xadrez
- Triatlón
- Fútbol Gaélico. Tiro a paus.

D. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Ruta guiada: realización dun paseo guiado por un experto/a local, para todas as deportistas, polo percorrido da ruta dos Muíños da Freixa, chegando ata o Mosteiro de Poio, pondo en coñecemento e valor a Cultura etnográfica, natural e monumental do Concello.
- Obradoiro de Fútbol Gaélico. Explicación desta modalidade deportiva, e práctica de tiro a paus, previo ao concurso, puntuable para as olimpíadas.
- Foliadas abertas: o venres e o sábado, ao remate das probas, á noite, habilitarase un espazo para a música e o baile tradicional por parte das deportistas, con posibilidade de contratar algún grupo que abra a sesión o sábado.

E. HORARIOS

HORARIOS OPG 2022 SEXTA	17:00	17:30	18:00	18:30	19:00	19:30	20:00	20:30	21:00	21:30	22:00	0:00
SEDE COMITÉ	COMEZO		DORSAIS	DORSAIS	DORSAIS	DORSAIS	DORSAIS	DORSAIS				
SOCIAL											FOLIADA	
TERRA								GAÉLICO				
HERBA												
ESTRELA												
RELAX												
CARREIRO					RUTA							
BAÑOS	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
DUCHAS								OK	OK	OK	OK	
ACAMPADA	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
CAMPER	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
APARCADOIRO	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK

HORARIOS OPG 2022 SÁBADO	9:00	9:30	10:00	11:00	11:30	12:00	13:00	13:30	14:00	16:00	17:30	18:00	18:30	19:30	20:30	21:00	21:30	22:00	0:00
SEDE COMITÉ		DORSAIS																	
SOCIAL	ALMORZO								COMIDA								CEA	FOLIADA	
TERRA				BOINA	SACHO		SALTO	PENTASALTO		BILLARDA	CHAVE		FISGA	CORDA					
HERBA						BRILÉ						LOITA							
ESTRELA															100M	4X100M			
RELAX										XADREZ									
CARREIRO			TRIATLÓN																
BAÑOS	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
DUCHAS	OK	OK	OK												OK	OK	OK	OK	
ACAMPADA	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
CAMPER	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
APARCADOIRO	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK

HORARIOS OPG 2022 DOMINGO	9:00	10:00	11:30	14:00	16:00	16:30	17:00	17:30	18:00	18:30	19:00
SEDE COMITÉ							TROFEOS				FIN
SOCIAL	ALMORZO			COMIDA							
TERRA											
HERBA			VOLEI		O PANO						
ESTRELA											
RELAX											
CARREIRO		5000M									
BAÑOS	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
DUCHAS	OK	OK					OK	OK	OK	OK	
ACAMPADA	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
CAMPER	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK
APARCADOIRO	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK	OK

* Os horarios son provisorios, aínda se poden adaptar para cadrar o mellor posíbel, en contacto co Comité Olímpico.

F. MAPA



G. INSCRIPCIÓN

- Cada equipa debe cubrir un formulario, feito coa ferramenta *google forms*, no que aparecen as normativas para cada proba á hora de fomentar unha participación equilibrada, con un límite de participación en 3 probas individuais por deportista (excluída a proba de 5000m e de Fútbol Gaélico), e grupos mistos en todas as disciplinas.
- A data límite para a inscrición de equipas será até o xoves 2 de xuño as 22horas, con un prazo de ampliación excepcional até o mércores 8 de xuño ás 22horas.
- A inscrición inclúe o dereito a participar nas probas, cubertas por seguro de accidentes, 2 dorsais de deportista participante, almozos da mañá do sábado e do domingo, acampada 2 noites, uso de baños e duchas, e uso da zona camper para caravanas e furgonetas.
- A inscrición terá un custo de 4 euros por persoa no prazo temporal normal, e de 8 euros no extraordinario.

H. CONTACTO

- olimpiadaspopularesgalegas@gmail.com